



REDE EUSUMO

Cooperativismo e Economía Social

Informe Resultados 2015

Índice de contidos

A economía social, motor económico	3
A rede eusumo	5
Que é a rede eusumo.....	5
Organización da rede eusumo. Socios da rede.....	6
Centros de atención permanente en cooperativismo e economía social	6
Consellería de Economía, Emprego e Industria	6
Socios da rede eusumo no 2015	7
Axudas para entidades asociativas, oficinas locais e outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo 2015	9
Actividades de divulgación e sensibilización	10
Presenza noutros eventos.....	12
Asesoramento, acompañamento e constitución de proxectos de economía social	13
Proxectos empresariais de economía social constituídos 2015.....	13
Redes sociais	14
Resultados da rede 2015	16

A economía social, motor económico

Despois dunha etapa de condicións económicas adversas marcada pola recesión e o estancamento da economía, a sociedade tende cara a modelos de contornas máis colaborativos e sociais. O financiamento colectivo, o auxe de espazos de traballo co-creativos/co-productivos, a produción en código aberto, o uso masivo do TIC, as plataformas de consumo colectivo, as redes sociais ou modelos de negocio baseados na colaboración son algúns exemplos da nova contorna no que nos atopamos.

Estamos polo tanto ante un novo concepto de economía que demanda entidades de economía social, unha economía conformada polas cooperativas, as sociedades laborais, as empresas de inserción, os centros especiais de emprego, as cofradías de pescadores, as mutuas e as sociedades galegas de transformación.

“Economía social: Cooperativas, sociedades laborais e centros especiais de emprego”

A Economía social supón unha oportunidade para impulsar unha economía que persegue o interese colectivo da sociedade, a cooperación (favorecendo o desenvolvemento da contorna no que actúan e permitindo reducir custos e compartir esforzos), o interese económico e social, onde as persoas son o activo máis importante, todo iso fundamentándose nunha economía que fomenta o autoemprego colectivo resistindo mellor aos retos das empresas.

En definitiva a economía social é un sector con boas perspectivas, tanto no que se refire a xeración de emprego como a cifra de negocios, que está presente en todas as grandes liñas estratéxicas deseñadas pola Comisión Europea. **As cifras de creación de empresas de economía social constatan a solidez do sector e a necesidade de que a economía social sexa un dos protagonistas do novo modelo produtivo que se pretende construír, aglutinando xa en Galicia ao redor de 7000 entidades e vinculando a cerca de 300000 persoas entre socios e traballo xerado** (datos Xunta de Galicia ano 2015)..

A aposta deste sector empresarial por xerar unha economía baseada principalmente nas persoas, na calidade e estabilidade no emprego, a competitividade, o desenvolvemento local, o espírito emprendedor, a solidariedade ou a innovación, queda avalada pola achega deste tipo de empresas no actual contexto socio económico.

Dada a súa importancia no desenvolvemento económico e social de Galicia, a **Consellería de Economía, Emprego e Industria, por medio da Secretaría Xeral de Emprego**, e máis concretamente a través da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social, está a facer unha labor de **fomento e promoción da economía social na comunidade galega. Un dos programas que están levando a cabo co fin de dar a coñecer a economía social como unha nova forma de emprender e crear emprego de calidade é a Rede Eusumo**, unha rede destinada a unificar esforzos en materia de economía social e que se estende por toda a xeografía galega.

A Rede Eusumo pon a disposición da cidadanía, **ferramentas de apoio e divulgación tales como:**

- ✦ **Asesoramento e titorización personalizado** por parte dos técnicos de emprego da Rede Eusumo a cooperativas e emprendedores.
- ✦ Acompañamento en todo o **proceso de constitución da cooperativa**.
- ✦ **Axudas e subvencións** a emprendedores e ós distintos axentes implicados.
- ✦ **Actividades de divulgación e sensibilización** para o fomento do cooperativismo, a través de obradoiros, seminarios e xornadas.
- ✦ **Divulgación** das vantaxes e características deste modelo empresarial.

A rede eusumo

Que é a rede eusumo

A **rede eusumo** é unha rede **de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria** para o **fomento do cooperativismo e a economía social**.

A través da rede eusumo:

- 1** Foméntase o **espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- 2** Préstase **apoio directo á creación e consolidación de emprego** con base na economía social.
- 3** **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego cooperativo.

Ademais foméntase o cooperativismo en tódolos niveis, dende a divulgación dos valores que representa o traballo colaborativo nos centros de ensino ata o acompañamento e asesoramento a socios de economía social cas súas empresas xa creadas.

A Rede Eusumo canaliza os seus esforzos a través das seguintes accións:

- ✦ **Información, formación, orientación e asesoramento** no ámbito cooperativo e de economía social.
- ✦ **Acompañamento e asesoramento** de proxectos empresariais cooperativos e de economía social.
- ✦ **Promoción e fomento das TIC** así como da I+D+i.
- ✦ **Apoio á comercialización** e internacionalización.
- ✦ **Procura de socios** para constituír cooperativas ou entidades de economía social.

Organización da rede eusumo.

Socios da rede

A rede eusumo organizase en catro grandes bloques organizados da seguinte forma:



Centros de atención permanente en cooperativismo e economía social

Consellería de Economía, Empleo e Industria

A través da Secretaría Xeral de Trabajo, a Consellería de Economía, Empleo e Industria pon a disposición da Rede Eusumo centros propios de atención permanente en materia de cooperativismo e economía social.

Estes centros cuentan con persoal técnico propio dedicados as tarefas de **difusión, información, formación, orientación e asesoramento no ámbito cooperativo e de economía social**.

O asesoramento e acompañamento dos técnicos propios da rede comprenden a proxectos empresariais de economía social, dende a maduración da idea de negocio, posta en marcha do proxecto e acompañamento nas primeiras etapas de vida do mesmo. Ademais prestase apoio directo as entidades de economía social xa

constituídas en materia societaria, asesoramento de novos proxectos, comercialización de produtos, ou desenvolvemento e introdución nas TIC.

Os centros cooperativos de atención permanente 2015 foron os seguintes:

- ✦ **Fundación Terra de Trasancos (O Val, Narón).** *Área de influencia:* Norte da provincia da Coruña (Ferrol, A Coruña,...)
- ✦ **Fundación Cidade da Cultura:** *Área de influencia:* provincia da Coruña, zona central (Santiago de Compostela, Ames, Teo, ...)
- ✦ **Confederación de Empresarios de Lugo (Lugo).** *Área de influencia:* provincia de Lugo.
- ✦ **Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Ourense (Ourense).** *Área de influencia:* Ourense cidade.
- ✦ **Centro de desenvolvemento cooperativo transfronteirizo de Verín (Verín, Ourense)** *Área de influencia:* Provincia Ourense – este.
- ✦ **Fundación Coren (Rozamonde, Cenlle)** *Área de influencia:* Provincia Ourense – Oeste.
- ✦ **Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo (Vigo, Pontevedra)** *Área de influencia:* Norte Provincia de Pontevedra (Pontevedra, Vigo,...).
- ✦ **Cámara de Comercio Tui (Pontevedra)** *Área de influencia:* Sur Provincia de Pontevedra.

Socios da rede eusumo no 2015

A Rede Eusumo conta cun número de socios moi amplo, no que se integran entidades de todo tipo que buscan fomentar a economía social a nivel local e nacional. En total **son 74 socios os que actualmente integran a Rede Eusumo**, dos cales **6 foron adheridos no ano 2015**.

Das 74 entidades socias da rede atópanse:

- ✦ Entidades locais, Agrupación de Concellos.
- ✦ Asociacións de cooperativas e de economía social.
- ✦ Asociacións de desenvolvemento rural (GDRs).
- ✦ Asociacións vinculadas co emprendemento.
- ✦ Deputacións galegas.

- ✦ Sociedades Cooperativas Galegas.
- ✦ Fundacións.
- ✦ Universidades.
- ✦ Cámaras de comercio.
- ✦ Federacións.

Axudas para entidades asociativas, oficinas locais e outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo 2015



Axudas e subvencións

Axudas para entidades asociativas, oficinas locais e outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o ano 2015

Ano tras ano, dende a Consellería Economía, Emprego e Industria estase apostando moi forte polo fomento da economía social na comunidade galega, xa que é unha das maneiras de crecer e crear autoemprego de calidade. É por iso que lanzan unha liña de axudas específica para entidades socias da Rede co obxecto de difundir e divulgar a economía social e por a disposición da cidadanía as ferramentas adecuadas para o apoio ao impulso e reforzo dos proxectos empresariais de economía social.

Trátase de 3 programas de apoio ás entidades asociativas, ás oficinas de fomento do cooperativismo e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo, cofinanciados parcialmente co FSE.

- ✦ **Programa I:** Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.
- ✦ **Programa II:** Oficinas locais de fomento cooperativo.
- ✦ **Programa III:** Apoio ás entidades sen ánimo de lucro para a realización de actividades para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Actividades de divulgación e sensibilización

A Rede Eusumo organiza un amplo abanico de actividades de divulgación e sensibilización para o fomento do cooperativismo e a economía social, a través de obradoiros, seminarios, e xornadas de diversas temáticas, dirixidas a todo tipo de público co obxectivo de impulsar e promover esta economía na nosa Comunidade.

As actividades de divulgación e sensibilización agrúpanse en diferentes eixos, segundo o tipo de público ó que se dirixen:

Actividades dirixidas a desempregados e público en xeral:

- ✦ Obradoiros de emprendemento cooperativo e economía social.
- ✦ Xornadas e seminarios de cooperativismo e economía social destinados a persoas desempregadas.
- ✦ Obradoiro de habilidades para o emprendemento cooperativo.
- ✦ Obradoiro fomenta a túa creatividade.
- ✦ Obradoiro de promoción do cooperativismo para persoas emprendedoras.
- ✦ Xornadas divulgativas: Programa participando na empresa.
- ✦ Divulgación de experiencias cooperativas como modelo de éxito de emprendemento.
- ✦ Feiras de cooperativismo e economía social.
- ✦ Participación en feiras.
- ✦ Técnicos de emprego e axentes intermedios:
- ✦ Obradoiro de formación en cooperativismo para persoas prescriptoras de emprego.
- ✦ Programa de dinamización de grupos de traballo de prescriptoras de asesoramento e divulgación cooperativa.
- ✦ Obradoiro fiscalidade cooperativa.
- ✦ Programa de dinamización do cooperativismo nun sector potencial.

- ✦ Procesos de dinamización do cooperativismo en sectores concretos.
- ✦ Plan de dinamización do cooperativismo nos servizos sociais.

Empresas cooperativas e sociedades laborais:

- ✦ Plan de formación cooperativas.
- ✦ Obradoiro TIC dirixido a que as cooperativas e sociedades laborais podan xerar a súa propia web.
- ✦ Obradoiro fiscalidade cooperativa.
- ✦ Obradoiro fomenta a túa creatividade.

Estas actividades divulgativas están conseguindo unha gran repercusión en distintos ámbitos da sociedade. Tanto é así que, ó longo deste ano 2015, a Rede Eusumo realizou máis de **201 actividades de divulgación e sensibilización** enfocadas a promover o cooperativismo e a economía social na nosa comunidade a través de obradoiros, seminarios, e xornadas, que contaron coa participación de **3.241 asistentes** están financiadas pola Xunta de Galicia e o Fondo Social Europeo.

A pesar das accións formativas e divulgativas que realizan os técnicos dos Centros de Atención Permanente da Rede Eusumo nos distintos lugares de Galicia, sempre atendendo as necesidades especiais de cada zona, as entidades socias da rede tamén fan unha ampla labor divulgativa en materia de cooperativismo e economía social:

- ✦ Asociacións de cooperativas e economía social
- ✦ Oficinas de Fomento Cooperativo
- ✦ Fundacións
- ✦ Asociacións de emprendemento
- ✦ Grupos de desenvolvemento rural
- ✦ Asociacións

Presenza noutros eventos

Ademais das actividades descritas, a Rede Eusumo participou noutros eventos co obxectivo dar maior difusión e promoción ao cooperativismo, entre os que pode destacarse:

- Salón Internacional Xantar en Ourense.
- Fórum Gastronómico da Coruña.
- Workshop: Compostela Gastronómica.
- Expo-Ordes.
- Semana Verde de Silleda.
- Encontro AGROBIOTECH.
- Programa ARGO.
- Premios Xóvenes Emprendedores de Ourense.
- PonteJAM – Pontevedra.
- Campus de Emprendemento Sostible – Verín (Ourense).
- Encontro APE Galicia.
- “Empleabilidade e Emprendemento”. Escola Oficial de Enxeñeiros Topógrafos.

Asesoramento, acompañamento e constitución de proxectos de economía social

Unha das razóns de ser da Rede Eusumo é o asesoramento personalizado en materia de cooperativismo e economía social. Dende o primeiro momento apostouse forte por este servizo ca contratación de técnicos especializados que actualmente asesoran en todo o territorio da comunidade galega, chegando ata as zonas máis rurais. Os principais servizos que prestan os técnicos son:

- ✦ Procesos de acompañamento dos proxectos cooperativos
- ✦ Impulso de novas cooperativas desde fórmulas mercantís
- ✦ Asesoramento a cooperativas e entidades de economía social.
- ✦ Asesoramento en materia de xestión empresarial
- ✦ Asesoramento e acompañamento no ámbito societario.

No ano 2015 as cifras neste campo son as seguintes:

Os técnicos da Rede Eusumo, a través das distintas entidades, asesoraron e titorizaron no 2015 a **149 grupos promotores**, o que corresponde a **518 persoas asesoradas e titorizadas**.

Proxectos empresariais de economía social constituídos 2015

No ano 2015, dos 149 grupos promotores asesorados e titorizados, foron **39 os proxectos** que se constituíron en cooperativas ou noutro tipo de empresa de economía social de diversos sectores, o que supón **149 postos de traballo xerados**. Desde a súa creación a rede axudou a constituír a **114 empresas e entidades**.

Redes sociais

A Rede Eusumo está presente nas redes sociais como forma de achegamento a toda a sociedade. Actualmente conta con varios perfís creados, entre os que destacan:

- ✦ Facebook
- ✦ Tuenti
- ✦ Twiter
- ✦ Youtube

Facebook

A páxina “**Anímate a emprender! Cooperativízate**” conta actualmente con **3.116 seguidores** e conecta moi ben ca xente. Nesta páxina compártese información de todo tipo, dende difusión das actividades da Rede Eusumo, fotos das mesmas, eventos, publicidade das cooperativas, etc.



Twitter

A conta de twitter “**Cooperativízate**” ten un total de 2.309 seguidores e o contido que se comparte é parecido ó da conta de twitter, sempre adaptándose ás particularidades de cada unha das plataformas.



Youtube

O cooperativismo e a economía social de Galicia tamén está presente nun dos canles que máis chegan ó público en xeral, Youtube. A conta de Youtube subiu ata o momento **máis de 200 vídeos** de toda índole, dende vídeos de promoción de cooperativas, vídeos de innovación, vídeos de actividades divulgativas, etc, e que conta con máis de **48.000 visualizacións**.



Actualmente estase traballando en ampliar o número de plataformas de comunicación da Rede Eusumo, ca creación de contas en Skype, Google+, Gmail, etc. Con estas accións preténdese acadar unha maior presenza nos medios dixitais, que actualmente copan o mundo da información e a comunicación.

Resultados da rede 2015

A través da Rede Eusumo alcanzáronse os seguintes resultados en materia de economía social:

Socios da Rede Eusumo

74 socios na rede eusumo, **8** novos socios en 2015

Acompañamento a grupos promotores

Empresas creadas:

39 proxectos de economía social constituídos en empresa no ano 2015

114 proxectos de economía social constituídos en empresa desde a creación da Rede Eusumo

Grupos promotores:

149 grupos no 2015 (572 grupos atendidos desde a creación da Rede)

518 persoas titorizadas (2189 titorizadas desde a creación da Rede)

Actividades divulgativas e formativas

Actividades formativas e divulgativas:

201 accións formativas

649 accións formativas desde a creación da Rede

Persoas participantes:

3.241 persoas

11.803 persoas participantes desde a creación da Rede

Presenza en feiras

Máis de **100.000** visitantes

Cooperativismo na educación

Máis de **2.000** escolares

Redes sociais e internet

Presenza en 3 plataformas dixitais

Máis de **5.000** seguidores nas redes sociais

Máis de **200** vídeos en Youtube



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

info@eusumo.coop
T 981 558 008
www.eusumo.coop



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



CONSELLO GALEGO DE
COOPERATIVAS



XUNTA
DE GALICIA